

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA
ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DAS FACTURAS
PRESENTADAS POLA EMPRESA "ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS, S.L.",
POLO SERVIZO PRESTADO DE *-BEDEL E DINAMIZACIÓN CON COÑECEMENTO DE
INFORMÁTICA-* NO EDIFICIO MUNICIPAL DE "NOVAS TECNOLOXÍAS", DURANTE OS
MESES DE SETEMBRO A DECEMBRO DE 2023.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de
transferencia de crédito núm. 9-2024, por un importe total de 10.378,00 €, dentro do vixente
orçamento municipal do 2024, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se
desprenden das facturas presentadas pola empresa ALENTI SOLUCIONES PARA
EVENTOS, S.L., polo servizo prestado de *"bedel e dinamización con coñecemento de
informática"* no edificio municipal de Novas Tecnoloxías, durante os meses de setembro a
decembro de 2023 e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente
Orçamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado
para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2024/338, de data 12.03.2024
así como os RCMOD núms: 2024/16596, 2024/16598 e 2024/16600 de data 12.03.2024,
por importe de 10.378,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de
5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais;
artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as
Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións
conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2
de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da
modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 10.378,00 € para dar
cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
45911.13002 43120.12004 43120.12100	7.600,00 2.312,00 466,00	49100.22799	10.378,00
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	10.378,00	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	10.378,00

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac1559778211462302099.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 9-2024 Novas tecnoloxías

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.